PIORNEDO

Comunidade titular: Lugar de Piornedo (parroquia de San Fiz de Donís, Cervantes)

Forma xurídica: Monte de varas

Superficie: 896 ha

N.º de comuneiras/os: 57 (16 mulleres, 41 homes)

N.º mulleres no órgano de goberno: 3 (de 7)

Mallada de Piornedo, co Pico do Porto ao fondo e a Verdioa de Mustallar á dereita

Estiñeiro do Chao das Penas

CONTEXTO

Situación

Piornedo sitúase no límite oriental do Concello de Cervantes e linda polo leste coas parroquias bercianas de Suárbol e Burbia, nos concellos de Candín e Veiga de Espiñareda. A aldea de Piornedo está a 1130 m, sobre un val que se abre cara ao oeste e que está atravesado polo río da Veiga Cimeira, que verte as súas augas ao Ser. Tamén transcorren polo monte o rego da Granxa, o regueiro das Regueiriñas, o regueiro das Pasadas ou o río de Moreira. Os montes abranguen altitudes de entre os 792 m, no val do río Moreira, até os 1914 m no pico Mustallar. Piornedo está a 37 km da capital municipal e a 50 km de Becerreá.

Síntese histórica

A primeira referencia documental a Piornedo aparece no *Parrochiale Suevum* do século VI, onde consta o topónimo "Paturnello" dentro do condado de Navia (*comitatus Nauiensis*), e que podería referirse a este lugar. A veciñanza de Piornedo foi, desde tempos inmemoriais, "señores de seu", e de feito no Catastro de Ensenada (1752), das 19 familias residentes, apenas 3 non tiñan a condición de fidalgos, algo excepcional na Galiza.

Nun preito entre Piornedo e Suárbol resolto en 1799 pola Chancelaría de Valladolid evidénciase que a titularidade era propia dos veciños, mentres que a dos berciáns estaba aforada polo mosteiro de Santo Andrés de Espiñareda. Este extenso territorio era chave para manter o gando (especialmente nas brañas das partes máis altas, onde existían "correlos"), para o cultivo de cereal nas searas e para o aproveitamento de leña e recollida de castañas, landras, arandos e plantas medicinais.

En 1956 o Estado declara 270 ha do monte de Piornedo como de utilidade pública, decretando a súa urxente ocupación para efectuar unha repoboación forestal. Boa parte dos rebolos centenarios foron tallados para fabricar barricas de viño de Xerez e whisky escocés. A pesar das tentativas do Estado de iniciar a reforestación forzosa, a oposición veciñal levou a que esta nunca se chegase a producir. Hoxe o monte está recoñecido como monte de varas e é xestionado pola Asociación de Propietarios do Monte de Piornedo.

Corzo (*Capreolus capreolus*)

Rebolo (*Quercus petraea*) monumental

Papeira (*Drosera rotundifolia*)

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Óscar Rivas
Marcos Reinoso
Isolina Rodríguez
Belén Albor
Bruno Ruival



Os lagos da braña de Piornedo

VALORES DE CONSERVACIÓN

Toda a superficie de Piornedo atópase dentro da ZEC Ancares-Courel, así como na ZEPVN e ZEPA dese mesmo territorio, sendo ademais parte fundamental da Reserva da Biosfera dos Ancares lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A zona máis alta do monte de Piornedo é un dos mellores exemplos de val glaciar con perfil en artesa (ou en U), cunha lingua glaciar de 5,3 km de desenvolvemento e unha morea fronto-lateral. A cabeceira glaciar está comprendida entre os picos de Lanza, Mustallar e Pena Longa, e presenta na zona central unhas 10 hectáreas de turbeiras altas activas (7110*) e depresións sobre substratos turbosos (7150), incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia (Veiga Cimeira, Os Lagos e Campo Redondo). Asociadas a estes hábitats encóntranse plantas como a árnica (*Arnica montana*), o algodón de turbeira (*Eriophorum angustifolium*), ou a orballiña (*Drosera rotundifolia*), así como réptiles como a lagarta das brañas (*Zootoca vivipara*).

O territorio veciñal presenta unha ampla representación e cobertura de hábitats prioritarios de diversa índole, entre os que destacan queirogais húmidos (4020*), queirogais secos (4030), queirogais alpinos (4060), prados silíceos (6160), pseudoestepas de gramíneas (6220*), formacións herbosas con *Nardus* (6230*), prados con molinias (6410), megaforbios eutrofos hidrófilos (6430), prados de sega de montaña (6510), pendentes rochosas silíceas (8220), rochedos silíceos (8230), bosques de encostas (9180*), carballeiras (9230) e aciñeirais (9340).

Piornedo encóntrase na zona de expansión do oso pardo cantábrico (*Ursus arctos*), especie declarada como "en perigo de extinción" na nosa comunidade. Tamén está constatada a presenza de lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), martaraña (*Martes martes*), gato montés (*Felis silvestris*), lebre do piornal (*Lepus castroviejoi*), cabra montesa (*Capra pyrenaica*) ou o rebezo setentrional (*Rupricapra rupicapra*), así como numerosas especies de quirópteros: morcego da fraga (*Barbastrella barbastellus*), morcego bigotudo pequeno (*Myotis alcathoe*), morcego dos bigotes (*Myotis mystacinus*), morcego de Leisler (*Nyctalus leisleri*), morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*) ou o morcego orelludo (*Plecotus auritus*).

Entre as aves cómpre salientar que os bosques de Piornedo foron dos últimos da nosa comunidade autónoma nos que vivía en liberdade a pita do monte (*Tetrao urogallus*). Actualmente constatouse a presenza de lagarteiro (*Falco tinnunculus*), cobreira (*Circaetus gallicus*), buxato (*Buteo buteo*), abelleiro (*Pernis apivorus*) e observacións regulares de especies como o azor (*Accipiter gentilis*), o voitre común (*Gyps fulvus*) ou a aguia real (*Aquila chrysaetos*).

Piornedo é coñecido polas súas pallozas con teitos de palla de centeo escolmada, polo que a aldea foi declarada Conxunto Histórico Artístico en 1931 e con posterioridade Ben de Interese Cultural.

Oso pardo (*Ursus arctos*) nunha morena glaciar

Bolos graníticos en Campo Redondo

BOAS PRÁCTICAS

Acordo de custodia do territorio

A Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) vén traballando en Piornedo desde 2013, ano no que se asinou un acordo de custodia coa Asociación de Propietarios do Monte de Piornedo no marco do proxecto Life+ Urogallo Cantábrico. Isto permitiu a relización de actuacións no monte do Agulleiro, un dos bosques que acolleu as últimas poboacións de pita do monte nos Ancares, orientadas á mellora do manexo do hábitat e compatibilización da actividade gandeira coa conservación da natureza. As actuacións encamiñáronse a conseguir melloras estruturais e específicas a nivel arbustivo e subarbustivo en aproximadamente 15 hectáreas desa zona, co obxectivo de mellorar e adecuar o hábitat da pita do monte para unha posíbel reintroducción da especie na zona. Desde entón a AGCT vén acompañando e apoiando a comunidade propietaria a través de distintos proxectos.

Regularización da propiedade

O acordo de custodia tamén facilitou o proceso de regularización da propiedade e a constitución da primeira xunta xestora provisional. A constitución desta primeira xunta xestora do monte de Piornedo converteuse nun proceso complexo e de longa duración debido a unha serie de factores de difícil xestión nun primeiro momento do proxecto. Isto inclúe unha propiedade complexa e moi desactualizada, unha elevada porcentaxe da masa de propietarios integrada por herdanzas xacentes, a ausencia de normativa específica para este tipo de montes e a desconexión entre a normativa forestal e fiscal coas especificidades dos montes abertais.

Elaboración e posta en andamento dun plan de xestión

A Asociación de Propietarios e a AGCT elaboraron un plan de xestión baseado na conservación dos valores naturais do territorio. Este plan establece as liñas de actuación para a conservación de especies de especial interese de conservación durante un período inicial de 10 anos. As accións desenvolvidas como parte do plan principalmente van dirixidas ao mantemento e conservación de hábitats de especial relevancia ambiental como as campas, que son formacións naturais ou seminaturais dominadas por herbáceas que tradicionalmente se utilizan para pastoreo dos animais domésticos, constituíndo un hábitat de grande interese para as distintas especies silvestres de flora e fauna que inclúen varios taxóns ameazados (*Narcissus pseudonarcissus nobilis* e *Perdix perdix*) e igualmente beneficiosa para outros endemismos como a lebre de piornal (*Lepus castroviejoi*), que ten na serra dos Ancares o seu límite occidental de distribución. Até o momento tense actuado sobre as campas do Campo, Chao Grande, Veiga Cimeira, Chao Cimeiro, Fundeiro e do medio da Fornela.

Recuperación e mantemento de camiños tradicionais

O monte de Piornedo é unha zona que recibe moitos visitantes ao longo do ano, sobre todo para visitar as zonas altas, onde se atopan algúns dos puntos de maior valor ecolóxico da serra. O camiño principal é o Camín da Braña que leva cara ao pico Mustallar desde a aldea de Piornedo, unha das rutas máis populares dos Ancares e moi transitada en todas as épocas do ano. Por isto, resulta importante a recuperación e mantemento dos camiños e sendeiros tradicionais para favorecer un uso público apropiado, entre os que se inclúen a senda da Pasada do Acebeirín e os sendeiros de Pandeliños, dos Requeixos e de Lampazas. Neste sentido, en 2024 e 2025 realizáronse, como parte das actuacións piloto do proxecto CAPRIF_CC, diversas accións destinadas á recuperación de camiños tradicionais.

Sendeiro da Cañita en dirección aos Acebais

Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo

Se ben a forma máis estendida de propiedade colectiva de montes na Galiza son os montes veciñais en man común, nalgunhas partes do territorio subsistiron outras formas de xestión proindiviso mediante cotas que, nun principio, correspondían ao tanto de renda que tiña que pagar cada casa do total do canon foral. A diferenza dos MVMC, neste tipo de montes cada persoa copropietaria está en condicións de vender, alugar ou transmitir a súa parte. Tamén era común que se fixesen repartición temporais, chamadas searas, para o cultivo de cereal. En 2023 estaban recoñecidos 52 montes deste tipo na Galiza, con algo máis de 11 000 hectáreas.

Se ben a Lei de dereito civil de 2006 establecía que estes montes se rexerían polo costume de cada lugar, o baleiro legal en ocasións supoñía un obstáculo para a súa xestión. Para atallar esta situación, en 2024 aprobouse un decreto regulando o seu réxime xurídico.

Charco de Campo Redondo desde o sendeiro do pico dos Requeixos

Estes camiños teñen ademais grande importancia nos traballos de educación ambiental, que inclúen a organización de rutas interpretadas, bioblitzs e actividades con centros educativos. Tamén se veñen recuperando fincas para o centeo, chave na estrutura do teito das pallozas. Neste ámbito é fundamental o pulo do tecido asociativo local dinamizado pola Asociación Cultural e de Veciños O Teixeiro, a Asociación Teitos de Piornedo e a propia Asociación de Propietarios do Monte. As tres entidades promoveron ademais o proxecto web de recuperación do patrimonio cultural e natural local “Descubre Piornedo”.

Pallozas na aldea de Piornedo

FONTES E RECURSOS

- González Pérez, C. (2015). *Piornedo: unha comunidade de alta montaña dos Ancares*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.
- Rodríguez Guitián, M. et al. (1996). “El último ciclo glaciar en el valle de Piornedo (Serra dos Ancares, Lugo),” *Avances en la reconstrucción paleoambiental de las áreas de montaña lucenses*. Lugo: Deputación Provincial.
- Rodríguez López, I. (2004). *Pasado vivo: Piornedo de Donís*. Lugo: Deputación Provincial.

A COMUNIDADE NA REDE

www.descubrepiornedo.org teitosdepiornedo

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.